

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 3 DE OUTUBRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba a modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Maside (Ourense) na rúa *Outeiro Grande* e o seu contorno.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Catedral de Santiago, polo que se regula a concesión directa dunha subvención para a execución da obra de acondicionamento como sala de exposicións da sala de armas e anexos do Pazo Arcebispal de Xelmírez en Santiago de Compostela, polo importe total de cento corenta e nove mil oitocentos vinte e oito euros con setenta e nove céntimos (149.828,79 euros).
- Acordo polo que se crea a Academia de Enfermaría de Galicia e se aproban os seus estatutos.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o borrador de orde pola que se regula a xornada e horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo no eido da Administración da Comunidade autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria de axudas, mediante a Resolución do 3 de decembro de 2012, aos proxectos de investimento empresarial con financiamento procedente de fondos comunitarios do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.
- Informe sobre o Acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Consellería de Economía e Industria para facilitar o acceso ao financiamento operativo por parte das pequenas e medianas empresas elaboradoras de viño.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de seguimento do Programa de mellora da calidade na atención a pacientes crónicos e polimedicados en Galicia.
- Informe de avaliación do Programa de vixilancia da saúde dos traballadores expostos ao amianto.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre o programa Reconduce: Programa de apoio ás familias para a prevención do risco de desafiuzamento.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DO CONCELLO DE MASIDE QUE PERMITIRÁ ORDENAR O ÁMBITO DA RÚA OUTEIRO GRANDE

- *O obxecto é a recualificación dun ámbito total de 9.017 m² como solo urbanizable, para integrar e ordenar normativamente o asentamento da rúa e o seu contorno no planeamento vixente*
- *A modificación puntual establece a regulación detallada do sector co contido e determinacións necesarias para o seu desenvolvemento ordenado*
- *O Concello de Maside dispón de normas subsidiarias de planeamento aprobadas en outubro de 1985, que tiveron dúas modificacións puntuais*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Maside (Ourense), no ámbito da rúa Outeiro Grande e o seu contorno.

Esta modificación puntual ten por obxecto a recualificación dun ámbito de 9.017 m² como solo urbanizable, conforme o establecido na disposición transitoria 13 da Lei de solo, para integrar e ordenar normativamente o asentamento da rúa Outeiro Grande e o seu contorno no planeamento vixente.

Este ámbito de actuación é un asentamento xurdido á marxe do planeamento arredor da rúa Outeiro Grande, contiguo ao núcleo urbano de Maside capital, que afecta dúas zonas separadas conectadas pola citada rúa, situadas segundo as normas subsidiarias (NNSS) en solo non urbanizable (actualmente solo rústico) e en solo non urbanizable de especial protección (rústico de especial protección).

Coa modificación puntual pasan a ser solo urbanizable delimitado un total de 7.602 m² de solo non urbanizable (solo rústico) e 1.415 m² de solo non urbanizable de especial protección (solo rústico de especial protección).

Deste modo, a modificación puntual establece a regulación detallada do sector co contido e determinacións necesarias para o seu desenvolvemento ordenado.

Aprobación das modificacións de planeamento

O expediente tramítase ao abeiro do disposto nos artigos 93 e 95.2 e 4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do ambiente de Galicia (Lei de Solo), que determina que a competencia para a aprobación definitiva das modificacións de planeamento municipal que terán por obxecto a reclasificación de solo rústico de especial protección corresponde ao Consello da Xunta de Galicia, logo do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo.

Antecedentes

En abril de 2012 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental decidiu non someter esta modificación a avaliación ambiental estratéxica. Posteriormente o Pleno municipal aprobou inicialmente a modificación puntual e expúxoala ao público.

Finalmente, o propio Pleno aprobou as correccións da modificación e remite a documentación á Xunta de Galicia, constando o 18 de setembro de 2013 o informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo.

A día de hoxe, o Concello de Maside dispón de normas subsidiarias de planeamento aprobadas en outubro de 1985, que tiveron dúas modificacións puntuais.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE ACORDO POLO QUE SE AUTORIZA O CONVENIO ENTRE TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO

- *Trátase dun acordo plurianual a través do cal se subvencionan as obras para acondicionar como sala de exposicións a sala de armas e os anexos do Pazo Arcebispal de Xelmírez*
- *No que vai de ano, a cifra de peregrinos que percorreron algunha das rutas xacobeas supera nun 12,4% aos recibidos no mesmo período do ano pasado e xa se superan as 190 mil 'Compostelas'*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Fundación Catedral de Santiago para a execución da obra de acondicionamento como sala de exposicións da sala de armas e anexos do Pazo Arcebispal de Xelmírez en Santiago de Compostela.

En virtude do acordo, a Fundación Catedral de Santiago comprométese a manter o investimento por un período de cinco anos e Turismo de Galicia comprométese ao pagamento de case 150.000 euros en dúas anualidades.

O Pazo de Xelmírez é un edificio do século XII unido á propia catedral e foi ampliado no séculos XIII, XV e XVI. No século XVII cubriuse a fachada románica por outra barroca e construíuse un terceiro andar. As partes principais do Pazo son o salón de armas, o salón de festas e a cociña.

O espazo expositivo contribuirá a dinamizar a oferta cultural durante a celebración do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago, cuxos actos conmemorativos contan coa declaración de Acontecementos de Especial Interese Público.

Incremento dun 12,4% da cifra de peregrinos

No que vai de ano, chegaron a recoller a 'Compostela' na Oficina de Acollida ao Peregrino da Rúa do Vilar un total de 190.398 peregrinos, dos cales o 49,48% son estranxeiros. No mesmo período de 2012 chegaran 169.389 peregrinos. O incremento rexistrado nos primeiros nove meses do ano supera o 12,4%.

Un total de 132.559 camiñantes chegaron a Compostela tras ter percorrido o Camiño Francés, isto supón o 69,62% do total de peregrinos que fixeron a ruta xacobeas no que vai de ano.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CREACIÓN DA ACADEMIA DE ENFERMARÍA DE GALICIA

- *Xorde da necesidade de dotar os profesionais dun novo marco de carácter científico e investigador*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se crea a Academia de Enfermaría de Galicia e se aproban os seus estatutos, como unha corporación de dereito público de carácter científico, dependente da Consellería de Sanidade.

A Academia de Enfermaría de Galicia nace como corporación de dereito público na necesidade de dotar os profesionais dun novo marco de carácter científico e investigador que dea resposta aos avances universitario, técnicos e de consideración social acadados pola profesión nas últimas décadas.

Os seus estatutos establecen como fins principais da Academia, a contribución ao progreso e desenvolvemento das ciencias da enfermaría; o fomento da investigación, estudo e divulgación da historia da enfermaría en Galicia, así como dos principios que rexen a súa práctica e das técnicas que a posibilitan; honrar e divulgar a personalidade e herdanza persoal e científica daqueles que en Galicia contribuísen ou contribúan especialmente ao desenvolvemento e prestixio profesional e deontolóxico da enfermaría.

Ademais, tamén establece criterios e interpretacións de carácter científico, técnico, sanitario, docente, de información ou divulgativo sobre cuestións e problemas do ámbito da enfermaría que se susciten na sociedade galega; e actúa tamén como entidade científica e consultiva das administracións e organismos públicos con competencias neste ámbito.

A Academia estará composta polos seguintes académicos: 28 de número, 28 correspondentes, e 16 de honra. O Acordo, unha vez aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA XUNTA PODERÁN FLEXIBILIZAR O SEU HORARIO LABORAL E TRABALLAR DESDE A CASA

- *O Consello deu luz verde ao contido dunha orde que regulará por primeira vez en Galicia estes dous aspectos, así como a posibilidade de recuperar o tempo de traballo non realizado*
- *O obxectivo da nova norma é favorecer a conciliación da vida familiar e laboral dos traballadores autonómicos e acadar unha maior eficiencia na xestión pública*

O Consello da Xunta desta mañá deu o visto e prace a unha orde conxunta da Vicepresidencia e a Consellería de Facenda que regula, por primeira vez en Galicia, o teletraballo e a compensación horaria dos empregados públicos autonómicos, co fin de contribuír na medida do posible á conciliación da súa vida familiar e laboral. O contido desta orde será sometido de forma inminente á votación das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de empregados públicos.

O texto tamén establece os distintos tipos de xornadas e horarios laborais, así como a posibilidade de flexibilizalos, adaptándose ás necesidades do traballador. Así, por regra xeral a duración máxima da xornada de traballo é de trinta e sete horas e media semanais, agás nos supostos das xornadas de especial dedicación, que serán de corenta horas semanais, e na tempada de verán -do 16 de xuño ao 15 de setembro-, que se establecerá unha xornada de traballo distinta á ordinaria.

No tocante aos horarios laborais, regúlanse tres tipos: xeral, flexible e especiais. O primeiro deles, o xeral, será de 7.45 a 15.15 horas, de luns a venres; agás no caso do persoal clasificado como de libre designación, que estará sometido á dispoñibilidade horaria.

Horarios flexibles

O horario flexible consiste nun horario de traballo non ríxido que se adapte ás necesidades do empregado público, dentro duns límites previamente acordados pola Administración e salvagardando en todo caso as necesidades do servizo.

O horario flexible poderá motivarse por razóns de conciliación da vida familiar e laboral - algo xa previsto na Lei para a igualdade de mulleres e homes de 2004- ou ser automático, é dicir, sen necesidade de autorización previa. Nesta segunda opción, se no prazo de 15 días hábiles desde a súa solicitude non recibiu denegación, considérase aceptada.

Nos casos de flexibilidade automática, innovadora na Administración galega, o horario constará dunha parte fixa, de 9 a 14.30 horas, e outra flexible, na cal o empregado

público poderá completar a súa xornada de traballo nun horario comprendido entre as 7.30 e 9 horas de luns a venres e entre as 14.30 e 18.30 horas de luns a xoves, así como entre as 14.30 e as 15.30 os venres.

Este horario de referencia poderá ser posterior cando o centro ou edificio administrativo permaneza aberto e como máximo abranguerá ata as 20 horas, de luns a xoves. Ademais a persoa interesada poderá cubrir a súa xornada de traballo, sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables ao cómputo mensual.

Horarios especiais

Pola súa banda, os horarios especiais estarán acordados atendendo á natureza do servizo prestado e distinguen tres supostos. O primeiro é o relativo aos postos de traballo adscritos a unidades de información e atención cidadá, a fin de posibilitar o cumprimento do horario de funcionamento destas unidades.

O segundo caso son os postos de traballo en que pola natureza das súas funcións resulte máis axeitado para o seu desenvolvemento o horario de mañá e tarde, de 9.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 18.30 horas. O terceiro suposto refírese a unidades que o requiran polas peculiaridades das funcións que teñen asignadas.

Compensación horaria

A orde tamén introduce como novidade a figura da compensación horaria para permitir ao empregado público a posibilidade de recuperar o tempo de traballo efectivo non realizado, xa sexa no seu horario xeral ou flexibilizado.

No primeiro dos casos, disporán diariamente de 30 minutos para compensar os eventuais retrasos na chegada ao seu posto de traballo; mentres que os empregados con horario flexible poderán compensar esas posibles demoras dentro do horario flexible do mes seguinte ao que se produza o incumprimento horario. De non ser así, procederase á dedución proporcional de haberes.

Ata 3 días de teletraballo

Outra das grandes novidades que introduce a orde aprobada é a posibilidade do teletraballo, a través da cal os empregados públicos desenvolverán as súas tarefas fóra das dependencias da Administración autonómica mediante o emprego das novas tecnoloxías, coa finalidade de acadar unha maior eficiencia na xestión pública e contribuíndo á conciliación da vida familiar e laboral. O número máximo de xornadas que poderán efectuarse nesta modalidade serán tres á semana e a concesión, salvo prórroga, non excederá o ano de duración.

Os empregados que se queiran acoller ao teletraballo deberán estar en situación de servizo activo, contar cunha antigüidade igual ou superior aos dous anos no posto de traballo para o cal se solicita; e dispor dos medios técnicos para levalo a cabo: equipamentos informático básico con acceso á internet, lector de tarxeta e teléfono móbil. Os ditos elementos non serán facilitados, en ningún caso, pola Xunta de Galicia.

Ademais, deberán desempeñar traballos que pola súa natureza e características técnico-funcionais sexan susceptibles de ser desenvolvidos baixo esta modalidade, tales como o estudo e análise de proxectos, a elaboración de informes, asesoría, redacción e tratamento de documentos, inspección, xestión de sistemas de información ou análise e deseño de sistemas de información.

A orde tamén establece que a Escola Galega de Administración Pública facilitará aos empregados autonómicos formación relativa á modalidade de prestación de servizos non presencial, así como en materia de prevención de riscos laborais, protección de datos, confidencialidade e soportes telemáticos que se vaian empregar. Así mesmo, tamén ofrecerá formación en técnicas de dirección por obxectivos, planificación e xestión aos responsables dos empregados públicos que presten servizos nesta modalidade de teletraballo

Prioridade para os que concilien

No caso de existiren varias solicitudes de teletraballo na mesma unidade e de que, por cuestións organizativas, non sexa posible a concesión de todas elas, valoraranse preferentemente as solicitudes daqueles empregados públicos que acrediten conciliación da vida familiar laboral, é dicir, ter fillos ou fillas menores de 12 anos ou persoas dependentes ao seu cargo.

A orde é de aplicación para o persoal funcionario e estatutario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia; así como para aquel que preste servizos nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico recollidos na Lofaxga. O persoal laboral ao servizo das administracións públicas e entidades instrumentais antes citadas, rexerese -ademais de pola lexislación laboral e demais normas convencionalmente aplicables- polas disposicións do decreto que pola súa natureza lles sexan de aplicación.

A XUNTA IMPULSA NO QUE VAI DE ANO 25 GRANDES PROXECTOS EMPRESARIAIS QUE MOBILIZAN 107 MILLÓNS DE EUROS EN GALICIA

- *As actuacións estimulan a competitividade do tecido empresarial galego e contribúen a crear ou manter máis de 2.500 postos de traballo*
- *Estes apoios facilitan a captación de investimentos internacionais, con proxectos promovidos por grupos empresariais de China, Francia, Dinamarca e Alemaña*
- *O 40% dos proxectos desenvólvese en zonas con marcos de apoio prioritario, avanzando así na cohesión territorial*

A Xunta de Galicia acaba de aprobar apoios para desenvolver 10 novas iniciativas empresarias mediante a liña destinada a grandes investimentos (IG100) que, unidas aos 15 proxectos xa aprobados no que vai de ano, impulsan a mobilización de 107 millóns de euros en Galicia. Estes 25 grandes proxectos empresariais, para os cales a Consellería de Economía e Industria destina, a través do Igape, 15 millóns de euros en axudas, supoñen a creación e o mantemento de máis de 2.500 postos de traballo na Comunidade.

Deste xeito, a Xunta contribúe á mellora da competitividade do tecido empresarial galego impulsando proxectos nas catro provincias que facilitan a captación de investimentos internacionais. Así, entre as iniciativas aprobadas figuran as de grandes grupos empresariais de China, Francia, Dinamarca e Alemaña, o que deixa de manifesto o interese que esperta Galicia entre os investidores internacionais.

Así mesmo, con esta liña de apoios, o Goberno galego estimula a posta en marcha de grandes iniciativas que favorecen o desenvolvemento equilibrado do territorio galego. Non en van o 40% dos proxectos aprobados a través deste programa localízanse en zonas con marcos de apoio prioritario. Neste sentido, cómpre salientar que as bases reguladoras recollen maior valoración e unha porcentaxe superior de axuda garantida para os proxectos que se localicen nas provincias de Lugo e Ourense e nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, así como na Costa da Morte.

Os proxectos que acaban de ser aprobados pertencen a empresas de sectores relevantes da economía galega, como a industria auxiliar de automoción, o tratamento de biomasa, a transformación de lousa e de madeira, a enxeñaría mecánica, ou os centros de atención de chamadas.

Este programa mobilizou a pasada lexislatura 434 millóns de euros en Galicia, impulsando a posta en marcha de proxectos de iniciativas empresariais que dinamizan a actividade económica galega; favorecen un adecuado equilibrio territorial; e incrementan

o emprego a través da mellora competitiva das empresas existentes e da posta en marcha de novas iniciativas.

A XUNTA IMPULSA O SECTOR VINÍCOLA CUNHA LIÑA DE FINANCIAMENTO DE 20 MILLÓNS PARA FACILITAR A COLLEITA DA UVA

- *As consellerías de Economía e Industria e do Medio Rural e do Mar colaboran para achegar capital circulante ás pequenas e medianas adegas para facer fronte aos gastos derivados da vendima*
- *Estas operacións de financiamento estarán avaladas nun 20% polas Sociedades de Garantía Recíproca (SGR), que contarán cun reaval do Igape para cubrir o 25% do risco que asuman*
- *A liña de financiamento permitirá aos produtores axilizar o pagamento de operacións de compra de uva*

A Xunta de Galicia impulsa unha nova liña de financiamento de ata 20 millóns que aspira a facilitar aos produtores galegos a campaña da colleita da uva. Neste contexto, o Goberno galego, a través do Igape, posibilitará que se avale ás pequenas e medianas adegas da Comunidade para que accedan ao financiamento das entidades financeiras, podendo anticipar os pagos a provedores que se derivan da vendima.

Esta liña de financiamento articúlase a través dun acordo de colaboración entre as Consellerías de Economía e Industria e de Medio Rural e do Mar xunto ás sociedades de garantía recíproca (SGR) e as propias entidades financeiras. O importe desta liña de pagamento a provedores pode acadar os 2 millóns de euros por beneficiario.

Para garantir as operacións, estas contarán cun aval do 20% por parte das sociedades de garantía recíproca que, a súa vez, disporán dun reaval do Igape para cubrir o 25% do risco que asuman. Deste xeito, as adegas galegas obterán o financiamento necesario para atender, en prazo, o pago aos provedores de uva, evitando soportar excesivas cargas financeiras e favorecendo a súa viabilidade económica.

Benefíciase así a un sector estratéxico en Galicia, cun peso moi importante na produción final agraria e articulado fundamentalmente arredor das cinco denominacións de orixe existentes na Comunidade, nas que están implicados máis de 17.000 colleiteiros e preto de 150 adegas cun volume de produción próximo aos 150 millóns de euros. Polas características da súa actividade, as adegas precisan dun importante volume de capital circulante nun momento concreto de cada tempada. Mediante as bases ratificadas polo Consello da Xunta preténdese facer fronte as dificultades actuais para financiar circulante.

Nos últimos anos, a Consellería de Economía e Industria financiou, a través do Igape, o adianto do cobro de colleita de uva por importe de máis de 29 millóns de euros, sumando un total de 2.147 operacións aprobadas.

O PROGRAMA DE MELLORA NA ATENCIÓN A PACIENTES POLIMEDICADOS BENEFICIA MÁIS DE 12.000 PERSOAS

- *Como resultado desta medida, o número de pacientes con máis de 15 medicamentos prescritos de maneira crónica na historia clínica IANUS en Galicia reduciuse nun 47%*
- *A finalidade desta actuación é mellorar a calidade, a seguridade asistencial e a prestación farmacéutica*

A conselleira de Sanidade informou hoxe de que, a 30 de xuño de 2013, un total de 12.193 pacientes polimedicados están en seguimento a través do Programa de Mellora da Calidade na atención a Pacientes Polimedicados de Galicia. Como resultado desta iniciativa, o número de persoas con máis de 15 medicamentos prescritos de maneira crónica na historia clínica electrónica reduciuse nun 47%.

A finalidade desta actuación é mellorar a calidade, a seguridade asistencial e a prestación farmacéutica aos pacientes crónicos e polimedicados mediante o asesoramento sobre o uso de fármacos, educación sanitaria e a axeitada colaboración entre os profesionais sanitarios.

A distribución dos pacientes polimedicados en seguimento é un 62% mulleres e un 38% homes. Por idade, o 72% son maiores de 70 anos. Ademais, 610 pacientes están en idades comprendidas entre os 91 e os 103 anos.

Nunha primeira fase, o programa tivo como poboación diana os pacientes crónicos e polimedicados que tomaban máis de 15 medicamentos de forma continuada durante un período igual ou superior a 6 meses. Esta fase comezou no mes de abril de 2011 cunha pilotaxe de 6 meses que se desenvolveu en 11 centros de saúde distribuídos nas xerencias da nosa comunidade autónoma. Desde xullo de 2013 está implantado no 100% dos centros de saúde de Galicia.

Posteriormente, a comezos deste ano, xa se ampliou a iniciativa aos pacientes que tiñan prescritos máis de 12 medicamentos, e vaise seguir traballando ata alcanzar o número de seis medicamentos.

Mellorar o cumprimento terapéutico

O programa céntrase en detectar e resolver problemas relacionados co uso de medicamentos, mellorar o cumprimento terapéutico dos pacientes crónicos polimedicados, e mellorar o coñecemento dos pacientes respecto do uso e indicacións dos medicamentos. As actuacións encamiñadas a mellorar a atención aos pacientes

polimedicados deben planificarse desde unha abordaxe interdisciplinaria e multifactorial: a adherencia ao tratamento, a prescrición de medicamentos e as reaccións adversas. Diversos estudos relacionan a polimedicación coa falta de adherencia, as interaccións medicamentosas e os efectos adversos. Todos estes factores e as súas consecuencias directas poderían ser responsables dun aumento do risco de ser hospitalizado, de sufrir caídas nos anciáns, de aumentar a morbilidade e a mortalidade.

De feito, segundo se recolle no informe do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Farmacéuticos (do ano 2010), en España un de cada tres pacientes que acoden ao servizo de urxencias dun hospital faino por problemas provocados pola medicación que están a tomar (un 35%) e o 81% de eses resultados poderían, ademais, terse evitado. Unha abordaxe interdisciplinaria e multifactorial deste problema potencialmente pode repercutir nun aumento da seguridade e dos niveis de saúde dos pacientes, e nunha diminución do gasto en medicamentos e recursos sanitarios.

A posta en marcha e desenvolvemento deste programa está recollida na Estratexia SERGAS 2014, formando parte da Estratexia Galega de Atención Integral á Cronicidade, onde se recolle o desenvolvemento dun programa específico orientado a mellorar a saúde e a calidade de vida dos pacientes maiores polimedicados.

Cabe destacar que con este programa se iniciaron de xeito paralelo actividades formativas co obxectivo de que os profesionais sanitarios comprendan a importancia da polimedicación como elemento que inflúe na saúde dos pacientes e, así mesmo, facilitarlles ferramentas que melloren os seus coñecementos e habilidades na atención ao paciente maior polimedicado.

7.704 PERSOAS EN GALICIA ESTÁN REXISTRADAS NO PROGRAMA DE VIXILANCIA DA SAÚDE DOS TRABALLADORES EXPOSTOS AO AMIANTO

- *Estes datos fan de Galicia a comunidade autónoma cun maior seguimento deste colectivo*
- *Desde o ano 2001 o Sergas leva a cabo un completo plan de vixilancia da saúde dos traballadores cun índice de participación do 74,8%*

O Programa de Vixilancia da Saúde dos Traballadores Expostos ao Amianto (PIVISTEA) conta en Galicia, actualmente, cun total de 7.704 persoas rexistradas, das cales 1.202 son expostos (traballadores en activo con exposición ao amianto) e 6.502 postexpostos (traballadores, en activo ou non, que xa non teñen exposición ao amianto).

A través deste programa Sanidade dá resposta á gran demanda social do colectivo afectado e axuda de forma eficaz a responder ás demandas de información por parte das unidades de avaliación de incapacidades do Instituto Nacional da Seguridade Social.

Ademais, nesta comunidade autónoma atopáronse 1.649 patoloxías entre o colectivo sometido a vixilancia. Isto supón case a metade (48,53%) de todas as diagnosticadas polas comunidades autónomas que remitiron datos do PIVISTEA. Cómpre sinalar que só 13 comunidades autónomas remitiron datos para este programa.

Rexistro máis exhaustivo en Galicia

Estes resultados débense tanto á importancia do sector estaleiro galego nos anos do uso masivo do amianto como ao exhaustivo seguimento destes traballadores que, particularmente en Galicia, se vén facendo ao longo dos anos. Ademais, no caso concreto desta comunidade autónoma a industria tamén colaborou na mellora do rexistro.

Neste eido, Galicia vén recollendo datos desde o ano 2001, ano en que o Servizo Galego de Saúde estableceu un completo plan de vixilancia da saúde dos postexpostos inactivos (traballadores que hai anos estiveron expostos a este mineral e xa non o están), cun índice de participación de 74,8%.

Avaliación do programa

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, en colaboración coas comunidades autónomas, puxo en marcha no ano 2003 o Programa de Vixilancia da Saúde dos Traballadores Expostos ao Amianto coa fin de vixiar a saúde e as posibles patoloxías en traballadores postexpostos e ante os riscos laborais nos actualmente expostos. Este programa avalíase cada 5 anos e o último estudo fíxose neste ano 2013.

Así, as comunidades autónomas teñen que elaborar un rexistro de traballadores expostos e postexpostos ao amianto e establecer, facilitar e realizar exames de saúde postocupacionais por exposición ao amianto.

Ademais, todas as comunidades teñen que establecer a continuación da vixilancia da saúde no caso dos postocupacionais, así como favorecer o recoñecemento médico-legal das enfermidades derivadas da exposición ao amianto.

Convenio de colaboración

Doutra banda, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Traballo e Benestar asinaron, en outubro de 2012, un acordo de colaboración para o intercambio de información sobre os riscos de exposición laboral ao amianto.

O obxectivo deste acordo é determinar os casos de exposición laboral a este mineral e completar tanto o rexistro de expostos da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública como o Rexistro de Empresas con Risco de Amianto do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Consecuencias para a saúde

O amianto foi unha materia prima moi utilizada en toda a industria ata a súa prohibición de comercialización e uso no ano 2001 debido ás súas consecuencias para a saúde. Por este motivo existen moitos traballadores que estiveron expostos naqueles anos e que agora poden padecer diferentes patoloxías como fibroses pulmonares irreversibles e cancro de pulmón e larinxe, entre outras.

A XUNTA LANZA UN PROGRAMA TRANSVERSAL PARA PREVIU OU PALIAR OS EFECTOS DOS DESAFIUZAMENTOS POR EXECUCIÓN HIPOTECARIA

- *O proxecto, coordinado pola Consellería de Traballo e Benestar, contará tamén coa participación da Vicepresidencia e dos departamentos de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de Economía e Industria e de Facenda*
- *Esta iniciativa facilitará ás persoas e familias en risco de desafiuzamento asesoramento xurídico e económico dirixido a evitar a apertura dun proceso de execución hipotecaria da vivenda habitual, o que incluírá a realización de actuacións tendentes a acadar acordos de reestruturación da débeda coas entidades financeiras*
- *Ademais, de xeito complementario, facilitaralles atención social, apoio psicolóxico e orientación laboral, así como servizos de xustiza gratuítos e apoio na busca da vivenda alternativa cando reúnan os requisitos establecidos*
- *O programa, que se desenvolverá a partir do 15 de outubro de 2013, canalizarase a través dunha oficina de asesoramento central situada en Santiago*
- *A dita oficina contará con dous técnicos especializados en dereito e economía, que asesorarán os usuarios e realizarán as funcións de interlocución coas entidades financeiras, un traballador social e un psicólogo*

A consellería de Traballo e Benestar coordinará un programa transversal que implica cinco consellerías da Xunta de Galicia (Vicepresidencia e as consellerías de Traballo e Benestar, de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de Economía e Industria e de Facenda), ademais da FEGAMP, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, o Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) e entidades financeiras, no obxectivo de previr os desafiuzamentos por execución hipotecaria ou ben para paliar os seus efectos, cando inevitablemente se acabe producindo.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta iniciativa que constitúe o marco integrado de coordinación dos servizos que van poñerse á disposición para dar apoio ás persoas e familias en risco ou situación de desafiuzamento por execución hipotecaria. O obxectivo é reducir as situacións de vulnerabilidade económica e/ou social que padecen estas persoas e familias. Trátase de evitalo cando sexa posible; e de reducir os seus efectos cando inevitablemente se acabe producindo.

O programa diríxese a dous grupos de intervención: un grupo formado por persoas e familias sen proceso xudicial aberto, e o segundo, outro cuxo proceso xudicial está xa en curso e que sexan derivados a través do convenio asinado entre o CXPX, a Xunta e a Fegamp.

O primeiro grupo é o principal destinatario dos recursos específicos que crea o programa, os cales prevén intervencións de carácter preventivo para evitar o

desafiuzamento. No segundo caso, como as posibilidades de chegar a un acordo extra procesual ou de mediación se esgotaron, as accións de intervención teñen un carácter máis de tipo paliativo (atención psico-social, orientación laboral e busca de vivenda alternativa).

Desta maneira, a iniciativa permitirá coordinar distintos servizos existentes de orientación laboral, atención social e apoio psicolóxico, así como o Programa de realoxamento de afectados por execucións hipotecarias (IGVS), ao cal se derivarán os afectados no caso de que cumpran os requisitos establecidos nel.

O servizo, que se desenvolverá a partir do 15 de outubro, canalizarase a través dunha oficina de asesoramento central, situada en Santiago de Compostela, integrada por dous técnicos especializados en dereito e economía-financeira, un traballador social e un psicólogo, os cales asesoran as persoas usuarias e realizarán as funcións de interlocución coas entidades financeiras.

Os usuarios accederán ao programa desde esta oficina ou desde as de os servizos sociais dos concellos, que os derivarán a outros servizos en función das súas necesidades.

Detección de supostos de vulnerabilidade

Este programa complementa o convenio asinado de maneira pioneira entre Administración autonómica, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a FEGAMP para apoiar aquelas persoas que máis o precisan no caso dos desafiuzamentos, demostrando o compromiso do goberno autonómico coa asistencia social e, concretamente, con este problema que está a afectar a moitos cidadáns galegos.

Grazas a este convenio, na nosa comunidade poderase traballar con antelación e actuar con eficacia cando se produza unha situación de especial vulnerabilidade, xa que os xuíces comunicarán ao Executivo galego cando se produza unha situación de estas características, que automaticamente se porá en contacto cos servizos sociais dos concellos.

O programa diríxese a paliar o problema das execucións hipotecarias nas capas máis desfavorecidas da sociedade e pretende complementar as medidas instrumentadas polo Goberno central.